

**RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE POLA QUE SE LLE
CONCEDE UNHA SUBVENCIÓN DIRECTA Á COFRADÍA DE LA SANTA CRUZ PARA A
ADQUISICIÓN DE DIVERSO MATERIAL PARA A CONFRARÍA E POSTA EN MARCHA DA SÚA
PÁXINA WEB.**

ANTECEDENTES

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Semana Santa é un evento relixioso e cultural moi relevante na tradición española, amplamente presente na súa xeografía.

A Semana Santa da Estrada, ademais de ser un evento relixioso, desde os inicios da confraría, desexa converterse nun evento histórico, artístico e socio-cultural relevante para o concello da Estrada.

A Cofradía de la Santa Cruz da Estrada, dende os seus inicios no ano 2015, ten unha participación activa nas actividades da Semana Santa na parroquia da Estrada, dende o comezo que parte o Mércores de Cinza ata o Domingo de Resurrección. Grazas ao traballo da Cofradía de la Santa Cruz experimentouse un crecemento na Semana Santa da localidade.

Dentro dos preparativos das propias funcións litúrxicas, a confraría ocúpase de:

- instalación no recorrido das procesións de blasóns e banderolas da confraría durante a Semana Santa e a súa posterior retirada.
- montaxe das catro carrozas (Cristo Crucificado, Santo Sepulcro, Cristo atado á columna e Neno Xesús) así como o vestiario a empregar nas ditas procesións que permanecen na igrexa de San Pelayo dende una semana antes.
- colaboración na procesión e festividade do patrón da Estrada, San Pelayo.

- misa de confrades, distinción de confrades de honra, incorporación de novos confrades, simpatizantes e nenos.
- misa na festividade da Santa Cruz, o 14 de setembro, con entrega e mencións a entidades, empresas e persoas colaboradoras.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta axuda non é posible promover a concorrência pública por canto a Cofradía de la Santa Cruz caracterízase pola realización de actividades relixiosas no concello da Estrada, polo que posúe a especificidade como beneficiaria da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude que vén colaborando con iniciativas que favorecen a participación activa de todas as persoas na cultura, sen exclusións, a través das súas múltiples expresións, considera de grande interese contribuír á adquisición de diverso material para a confraría e a posta en marcha da súa páxina web; con estas actuacións búscase reforzar e desenvolver proxectos culturais máis alá dos grandes núcleos urbanos contribuíndo, deste xeito, a incrementar a actividade cultural nas contornas rurais. A achega para levar a cabo as actuacións ascenderá a un importe máximo de seis mil euros (6.000,00 €) que se farán efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 13.01.431A.481.0 dos vixentes orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2025.

Obrigas do beneficiario

A antedita axuda será compatible coa percepción doutras axudas sempre que, illada ou en concorrência con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, non se supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

No caso de que concerte con terceiros a execución total ou parcial das actividades mencionadas, estarase ao disposto polo artigo 27 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

Ademais son obrigas do beneficiario todas as establecidas polo artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

O beneficiario da axuda consinte expresamente a inclusión dos datos relevantes desta subvención nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei de subvencións de Galicia.

Forma de pagamento e xustificación da subvención

Con carácter previo á xustificación, poderán realizarse pagamentos anticipados ata un máximo do 80% da axuda, por importe de 4.800,00 €, sempre que o beneficiario o solicite, xustificando que o financiamento previo é necesario para o desenvolvemento das actividades inherentes á subvención.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevea a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o apartado 4 do devandito artigo exonera de constitución de garantía entre outros aos beneficiarios de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude efectuará o pagamento da axuda restante, logo da presentación da seguinte documentación:

- Unha memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste acordo, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica (Anexo I) asinada polo órgano competente da entidade, xustificativa do custo total das actividades realizadas.
- Para a xustificación da axuda deben presentar unha relación de facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, ao abeiro do disposto no artigo 21.2 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Declaración de axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique a entidade concedente, data e importe total concedido (Anexo II).

No caso de que perciban axudas concedidas por outros organismos públicos para a mesma actividade, deberán facer declaración expresa de que as facturas presentadas como xustificación na concesión da presente axuda non foron presentadas como xustificación en outros procedementos de concesión de axudas e subvencións.

- Para facer efectivo o libramento da subvención deberán estar ao corrente das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Comunidade Autónoma, de conformidade co establecido no artigo 31.7 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para a materialización dos referidos libramentos será necesaria a emisión de certificación favorable da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos polo artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Publicidade

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido desta resolución será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Información básica sobre a protección de datos persoais

Responsable do tratamento: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Finalidades do tratamento: Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación.

Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.

Lexitimación para o tratamento: O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

Destinatarios dos datos: As administracións públicas no exercicio das súas competencias.

Exercicio de dereitos: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>.

Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información:

<https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

Prazo de xustificación

O prazo máximo para a presentación da documentación xustificativa remata o 30 de novembro de 2025.

De conformidade co prescrito no artigo 2 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o exercicio 2025, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación desta axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

Por todo isto cómpre establecer os requisitos de concesión desta subvención, baseados nos seguintes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

O artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, establece que se poderán instrumentar a través de resolución as subvencións directas nas que se acrediten razóns de interese social, sempre que a súa contía non supere os 6.010,00 € por beneficiario e ano.

O artigo 52 da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Polo tanto esta consellería, vistos os antecedentes e os fundamentos de dereito, a teor das competencias atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e o artigo 7 da Lei de subvencións de Galicia.

RESOLVE

Conceder á Cofradía de la Santa Cruz unha subvención de 6.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 13.01.431A.481.0 dos vixentes orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025, de conformidade coas condicións establecidas nos epígrafes anteriores.

Contra a resolución de concesión, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente, recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación do acto, conforme o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

José López Campos